

ACTA Nº. 1 COMISIÓN DE NEGOCIACIÓN DO ACORDO DE CONDICIÓN S ESPECÍFICAS DO PERSOAL DO SPIF

Asistentes:

Pola Consellería de Medio Rural

Joaquín Macho Canales
Secretario Xeral Técnico
Fernando Veiga Aguiar
Subdirector Xeral de Extinción de Incendios

Angel Romero Baleirón
Xefe de Servizo de Persoal

Polas Organización s sindicais

CIG

Zeltia Burgos Tortosa
Aser Lidia Tobio Martínez

Xulio Saiáns Suárez

CSI-CSIF

Juan Carlos Rivas Vázquez

Isabel Pita García

Jordi Pérez García

SEPGA

Pablo Nimo Ríos

Carlos Folgar Ares

CCOO

Javier Lareu Rodiño

Carlos Hermida Diéguez

UXT

Marcos Rodríguez Villanueva

Elías Blanco Navia

Na sala 1 da Consellería de Medio Rural, sendo as 12:00 horas do día 27/09/2023 reúnense as persoas indicadas ao marxe co obxecto de negociar o acordo de condicións de traballo do persoal que presta servizos no Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF).

Comeza a intervención o Secretario Xeral Técnico que indica que o obxectivo é regular un novo acordo de condicións específicas do persoal, toda vez que o actualmente se esta aplicando e que figura como anexo ao Convenio Colectivo, que é de aplicación ao persoal laboral, debido ao proceso de funcionarización e ao tempo transcorrido é necesario facer un novo acordo.

Co fin de facer reunións áxiles e tendo en conta a variedade de materias a tratar considera que o máis axeitado é fraccionar os temas e comezar a traballar ca xornada de traballo, polo que dálle o paso as OO.SS co fin de que expoñan as súas consideracións:

CiG: Os representantes da organización consideran que o novo acordo debe recoller as seguintes cuestións:

- Xornada máxima anual de 1.540 horas
- Xornadas diarias de 10 horas todo o ano.
- Debe regularse un horario diferente para os postos das brigadas helitransportadas.
- Debe traballarse como máximo unha noite de cada catro.
- Os días de traballo deben ser alternos, igual que os axentes no período de alto risco.
- É preciso darlle unha hora para comer e para xantar, sempre que os horarios coincidan co mediodía ou ca noite.
- Os cuadrantes deben garantir o traballo en fin de semanas alternos en alto risco.
- Debe cubrir o período de baixo risco que queda baleiro das 4 as 8 horas.
- Non se deben recoller as prolongacións das xornadas
- É preciso elaborar un cuadrante único para todos os distritos

CSIF: Indican as seguintes cuestións que se deben reflectir no acordo:

- A xornada diaria debe ser de 12 horas, polo menos en determinados períodos.
- Débense eliminar as prolongacións
- Débense igualar os horarios aos demais colectivos que están involucrados no dispositivo (axentes e técnicos).
- Xornada semanal máxima de 35 horas
- Compensacións por traballar en sábados, domingos e festivos.
- Débense incrementar as vacacións por no poder desfrutalas en determinados períodos.
- Gardas localizadas
- Pago da nocturnidade
- Piden o pago de media dieta ao igual que o teñen outros colectivos.
- Indicar as funcións que se poden facer en alto risco.
- Regular a cobertura dos postos.
- Buscar un sistema de acceso do persoal de 6 meses a postos de 12 meses.
- Segunda actividade.
- Debese regular un horario específico para o persoal das bases helitransportadas.

SEPGA: Os representantes indican o seguinte:

- Sumase as peticións das demais organizacións sindicais
- Solicita un documento sobre o que se poida traballar.

CC.OO: Os representantes indican o seguinte:

- É preciso dar un tempo para comer ou cear, onde traballas non podes comer.
- Debe recollese un plan de mellora das instalacións.
- Debe regularse un horario en días alternos con libranzas.
- Non pode quedar o período sen cubrir en baixo risco das 4 as 8 horas.
- Deben regularse as vacacións.
- Deben establecerse compensacións por traballar os domingos e festivos.
- Deben regularse a cobertura de postos e a segunda actividade.
- No referente á xornada de traballo manifestan a vontade de negociar xornadas de 10 horas ou de 12, en todo caso sen prolongacións.
- Debe regularse a 2ª actividade.

U.X.T: Os representantes indican o seguinte:

- Débense diferenciar as funcións en cada categoría.
- É preciso realizar unha reclasificación da categoría de vixilante/emisorista debido as novas funcións que están asumindo.
- Débense regular as coberturas dos postos
- Cada vez que se mobiliza unha brigada debe levar consigo un Xefe de Brigada.
- No referente ás quendas é preciso cubrir as quenda do servizo que queda vacante no período de 4 a 8 horas en baixo risco.
- Débense respectar os descansos e as rotacións.
- É preciso elaborar un cuadrante único para todos os distritos.
- É preciso regular as compensacións e a nocturnidade.
- É preciso regular que o persoal con máis experiencia poida optar á mellora de postos.

- No referente aos horarios, consideran que se deben realizar xornadas de 10 ou 12 horas ao igual que os resto dos colectivos que están na extinción.
- Consideran que se poden diferenciar dous períodos de actividade.

SXT: Logo das intervencións o Secretario Xeral Técnico, tendo en conta que todos consideran que a xornada diaria debe ser de 10 ou 12 horas, solicítalle que segundo a súa opinión, as fortalezas e as debilidades das xornadas de 10 e de 12 horas.

CIG:

- 12 horas mais carga física e require dous cadrantes.
- 10 horas supón unha mellora social.
- Calquera das dúas ao traballar días alternos permite compartir os medios (coches).

CSIF:

- Rechazan o sistema actual con prolongacións.
- Son flexibles en calquera das dúas xornadas.
- Unha xornada diferente das 12 horas en alto risco, suporía disfuncións con respecto aos demais colectivos involucrados no dispositivo.

CC.OO

- Simplemente manifestan que co horario de 12 horas todo o ano excedes a xornada máxima anual.

UXT

- Calquera dos dous horarios lle resultaría válidos, habería que matizalos.

SXT

- O Secretario Xeral Técnico comprométese, para a próxima reunión, a presentar un texto co fin de poder traballalo na reunións que se vaian a realizar.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 14:00 horas do días indicado.

Santiago de Compostela